

COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO ALVAREZ BALLESTEROS SOBRE A COMISIÓN DE SEGUIMENTO DE SERVIZOS PRIVATIZADOS

PLENO 30 XULLO 2013. ACTA 14/2013

Solicitud de comparecencia presentada polo grupo municipal AER que se transcribe a continuación:

“No pleno ordinario de abril acordouse que a Comisión de Seguimento dos Servizos Privatizados se reuniría con carácter mensual. Estamos a finais de xullo e aínda non se convocou.

En varias comisións de Seguridade e Hixiene tratouse a deficiente e insegura situación dos cadros eléctricos do alumeadado público.

Vendo que o tempo pasa e non se toman as medidas que “promete”, a Agrupación de Electores de Redondela solicita a comparecencia do Concelleiro de Medio Ambiente para que nos dea as explicacións oportunas sobre os retrasos nestas actuacións”

O concelleiro Sr. Blanco Pérez da lectura á comparecencia transcrita. Di que, de non ser contestada e pasar a resposta a outro concelleiro, solicitaríase a comparecencia do Sr. Alcalde.

O concelleiro Sr Álvarez Ballesteros di con respecto á non convocatoria da Comisión de Servizos Privatizados que obedece a razóns de axenda dos diversos colectivos que integran a comisión e, con respecto aos cadros eléctricos que é un tema xa comentado na Comisión de Seguridade e Hixiene a través da cal téñense resoltos diversos problemas nesta materia.

O concelleiro Sr. Blanco Pérez di que lle parece excesivo argumentar problemas de axenda, poderá habelos, pero dende AER ningún, porque sempre asistiron ás xuntanzas ás que foron convocados.

Con respecto ao tema dos cadros eléctricos di que lle consta que foi tratado na Comisión de Seguridade e Hixiene e que sabe que foron cambiados 15, pero pregunta cando se fará o resto e se hai cartos para iso.

O concelleiro Sr. Álvarez Ballesteros di que o anterior concelleiro de AER, S. Varela, nunha ocasión tivo problemas de axenda, e de seguido fai referencia aos moitos problemas que se teñen resolto, dando lectura a unha relación de actuacións levadas a cabo.